Cofinanciado por la Unión Europea

ATHENA

HR EXCELLENCE IN RESEARCH

INFORME DE FIRMA, no sustituye al documento original| C.S.V. : GEN-0603-5be4-e153-14b3-2059-6ff2-fdab-d295 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección: https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

ANEXO II
INFORMACIÓN SOBRE AS AXUDAS ECONÓMICAS

Tras a publicación da resolución de concesión de prazas Erasmus+ e unha vez aceptadas estas polo estudantado seleccionado, a Universidade de Vigo fará públicas as seguintes resolucións de concesión de axudas:

I. BOLSA ERASMUS+

A bolsa Erasmus é unha axuda financiada pola Unión Europea co obxecto de sufragar os gastos complementarios por estudar nunha universidade estranxeira. Esta non ten como finalidade cubrir a totalidade dos gastos dos estudos no estranxeiro. Componse dunha axuda individual e unha axuda de viaxe.

O estudantado non terá que presentar unha solicitude. A Universidade de Vigo publicará a partir do mes de xuño de 2027 unha resolución coas listas provisorias de bolsas concedidas. As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo establecido na resolución de concesión. Finalizado este prazo, publicarase a resolución definitiva de concesión.

A bolsa Erasmus consta de dous tipos de axuda, axuda individual e axuda de viaxe:

AXUDA INDIVIDUAL

A contía da bolsa dependerá do país de destino segundo os seguintes grupos. O importe dependerá do número de estudantado seleccionado:

GRUPO	PAÍSES	BOLSA ERASMUS+	BOLSA ERASMUS+ Bolseiros con menos oportunidades*
GRUPO 1	Alemaña, Austria, Bélxica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Países Baixos e Suecia Rexións 13 e 14: Reino Unido e Suíza	**350 €***	250€ adicionais por mes
GRUPO 2	Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Grecia, Letonia, Malta, Portugal e República Checa	**300 €***	250€ adicionais por mes
GRUPO 3	Bulgaria, Croacia, Hungría, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, Romanía, Serbia e Turquía	**250 €***	250€ adicionais por mes

*No caso de meses incompletos, calcularase multiplicando o número de días do mes incompleto por 1/30 da axuda mensual.

CONSIDÉRASE ESTUDANTADO CON MENOS OPORTUNIDADES:

- O estudantado **bolseiro do Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP) ou do Departamento de Educación do País Vasco** no curso inmediatamente anterior a realizar a mobilidade. **Documento acreditativo: resolución de concesión.**

CSV : GEN-0603-5be4-e153-14b3-2059-6ff2-fdab-d295
Url validación : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA DOLORES GONZÁLEZ ÁLVAREZ | FECHA : 18/11/2026 13:16

Cofinanciado por la Unión Europea
ATHENA
HR EXCELLENCE IN RESEARCH

INFORME DE FIRMA, no sustituye al documento original| C.S.V. : GEN-0603-5be4-e153-14b3-2059-6ff2-fdab-d295 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección: https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

- O estudantado que teña recoñecida legalmente unha **discapacidade en grao igual ou superior a un 33%**. De ser necesario, poderanse tramitar axudas adicionais dependendo do custo real dos gastos incorridos polo/a beneficiario/a mediante a presentación de facturas polos conceptos de: transporte, acompañantes, servizos profesionais ou outro tipo de gastos derivados da mobilidade. **Documento acreditativo: certificado de discapacidade.**

- O estudantado que estea en **risco de exclusión social**. **Documento acreditativo: informe dos servizos sociais.**

- O estudantado que teña a condición de **persoa refuxiada** ou con dereito a protección subsidiaria ou ter presentado unha solicitude de protección internacional en España.

- **Familias numerosas ou monoparentais**. **Documento acreditativo: certificado de familia numerosa ou monoparental da Xunta ou administración correspondente.**

- O estudantado **con persoas dependentes ao seu cargo. Documento acreditativo: certificado da administración correspondente.**

AXUDA DE VIAXE

O estudantado recibirá unha axuda de viaxe que se calculará empregando a calculadora de distancias proposta pola Comisión Europea, que poderá atopar na seguinte ligazón: http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm, tomando como referencia o campus Lagoas-Marcosende de Vigo ata a universidade de destino.

DISTANCIA DE VIAXE	En caso de viaxe non ecolóxica	En caso de viaxe ecolóxica*
Entre 10 e 99 Km.	28 € por participante	56 € por participante
Entre 100 e 499 Km.	211 € por participante	285 € por participante
Entre 500 e 1999 Km.	309 € por participante	417 € por participante
Entre 2000 e 2999 Km.	395 € por participante	535 € por participante
Entre 3000 e 3999 Km.	580 € por participante	785 € por participante
Entre 4000 e 7999 Km.	1.188 € por participante	1.188 € por participante
8000 Km. ou máis	1.735 € por participante	1.735 € por participante

*Considérase viaxe ecolóxica o desprazamento nas súas viaxes **de ida e volta** nun medio de transporte con baixas emisións no tramo principal do traxecto (autobús, tren ou automóbil compartido con outras persoas beneficiarias da bolsa).

Para percibir esta axuda, o estudantado deberá confirmalo antes do inicio da estadía e achegar ao final da estadía nun único documento PDF unha declaración xurada e os xustificantes (billetes de tren ou autobús) na plataforma MoveON, no Portal de mobilidades saíntes a través do Formulario de Seguimento habilitado.

CSV : GEN-0603-5be4-e153-14b3-2059-6ff2-fdab-d295
Url validación : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA DOLORES GONZÁLEZ ÁLVAREZ | FECHA : 18/11/2026 13:16

Cofinanciado por la Unión Europea

ATHENA

HR EXCELLENCE IN RESEARCH

INFORME DE FIRMA, no sustituye al documento original| C.S.V. : GEN-0603-5be4-e153-14b3-2059-6ff2-fdab-d295 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección: https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

II. BOLSAS COMPLEMENTARIAS

A. BOLSA SANTANDER ERASMUS+

A Universidade de Vigo publicará unha resolución de concesión de axudas entre o estudantado seleccionado no marco desta convocatoria de prazas Erasmus+ para o curso 2027-2028 cos seguintes **requisitos**:

- Ser residente en España.
- Estar matriculado no curso 2026-27 en centros propios ou en titulacións impartidas en centros adscritos de titularidade pública que non se imparten en centros propios (Enfermaría Ourense, Enfermaría Pontevedra e Enfermaría Meixoeiro da Universidade de Vigo).
- Ter concedida unha praza Erasmus+ Estudos KA 131 para o curso 2027-2028 no cadro da presente convocatoria.
- Non ter concedida unha bolsa Santander Erasmus+ nas convocatorias dos cursos anteriores.
- Estar inscrito empregando a conta de correo do dominio @alumnado.uvigo.gal na web www.santanderopenacademy.com, na convocatoria "Becas Santander Erasmus 2027". A inscrición deberá realizarse nos prazos establecidos polo Banco Santander: **do 3 de decembro de 2026 ao 1 de abril de 2027.**

As axudas consistirán en **40 bolsas de 1.000 €** cada unha.
A selección realizarase baseándose na media do expediente ponderada a **28 de febreiro de 2027**.
A partir do mes de maio de 2027, publicarase unha resolución coas listas provisorias de bolsas concedidas e de agarda para o caso de que se produzan renuncias. Finalizado o prazo establecido para presentar alegacións, publicarase a resolución definitiva de concesión.
O pago realizarase mediante transferencia bancaria á conta do Banco Santander indicada polo estudantado da que deberá ser titular.

B. BOLSAS DA XUNTA DE GALICIA

Como en convocatorias anteriores, existe a previsión de que a Xunta de Galicia publique unha convocatoria de axudas complementarias ao programa Erasmus+ KA 131 destinada ao estudantado **matriculado en titulacións de grao** e compatible coas anteriores. Queda excluído desta convocatoria o estudantado que xa recibise esta axuda en anteriores convocatorias.
A axuda varía en función da duración da estadía e da nota media do expediente académico.
IMPORTANTE: o estudantado deberá presentar a solicitude segundo o que estableza a convocatoria publicada pola Xunta de Galicia. Tramitarase en liña unicamente, polo que deberá asegurarse de que dispón dos medios para presentar a solicitude estando fóra de España (certificado dixital, Chave 365, DNIe).

C. BOLSAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Como en anteriores convocatorias, existe a previsión de sinatura dun acordo coa Deputación de Pontevedra que permitirá financiar axudas complementarias ao estudantado Erasmus+ e ao estudantado que goza doutras bolsas internacionais (ISEP, GE4, Bolsas propias) cos requisitos que se acordarán coa Deputación de Pontevedra: media de expediente, condición ser bolseiro MEFP, etc.
O estudantado non terá que presentar unha solicitude. A Universidade de Vigo publicará unha resolución provisoria de concesión de axudas ao estudantado seleccionado con bolsa Erasmus+ na presente convocatoria pertencente aos campus de Pontevedra e Vigo. Finalizado o prazo establecido para presentar alegacións, publicarase a resolución definitiva de concesión.

CSV : GEN-0603-5be4-e153-14b3-2059-6ff2-fdab-d295
Url validación : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA DOLORES GONZÁLEZ ÁLVAREZ | FECHA : 18/11/2026 13:16

Cofinanciado por la Unión Europea
ATHENA
HR EXCELLENCE IN RESEARCH

INFORME DE FIRMA, no sustituye al documento original| C.S.V. : GEN-0603-5be4-e153-14b3-2059-6ff2-fdab-d295 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección: https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

D. BOLSAS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

Como en anteriores convocatorias, existe a previsión de sinatura dun acordo coa Deputación de Ourense que permitirá financiar axudas complementarias ao estudantado Erasmus.

O estudantado non terá que presentar unha solicitude. A Universidade de Vigo fará pública unha resolución de concesión provisoria de axudas ao estudantado seleccionado na presente convocatoria con bolsa Erasmus+ pertencente ao campus de Ourense ata esgotar o crédito establecido no convenio. Finalizado o prazo establecido para presentar alegacións, publicarase a resolución definitiva de concesión.

E. BOLSA CAMPUS AUGA

Como en anteriores convocatorias existe a previsión de sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade de Vigo (Uvigo) para o desenvolvemento de accións estratéxicas no Campus Auga de Ourense.

O estudantado non terá que presentar unha solicitude. A Universidade de Vigo fará pública unha resolución de concesión provisoria de axudas ao estudantado seleccionado na presente convocatoria con bolsa Erasmus+ pertencente ao campus de Ourense ata esgotar o crédito establecido no convenio. Finalizado o prazo establecido para presentar alegacións, publicarase a resolución definitiva de concesión.

III. INCOMPATIBILIDADES DAS AXUDAS

A bolsa Erasmus+ Estudos é compatible coa bolsa MEFP e con calquera outra bolsa ou axuda obtida para a realización da mobilidade e, en concreto, coas bolsas complementarias a esta axuda para realizar estadías en países participantes no programa Erasmus+ (bolsa Santander Erasmus+, bolsa de axudas complementarias da Xunta de Galicia, bolsas das Deputacións de Pontevedra e Ourense e bolsas Campus Auga).

CSV : GEN-0603-5be4-e153-14b3-2059-6ff2-fdab-d295
Url validación : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA DOLORES GONZÁLEZ ÁLVAREZ | FECHA : 18/11/2026 13:16